

O TESOURO DOS NOSOS AVÓS

PROXECTO DE INNOVACIÓN EN NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

(Resolución do 7 de maio de 2008. DOG do 13 de maio)

ÍNDICE

1 -CONTEXTUALIZACIÓN E XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO.

Situación sociolingüística

Experiencias previas

Características do IES A Sangriña

A importancia da dinamización lingüística no IES A Sangriña

Profesorado implicado no proxecto

2 -OBXECTIVOS

3 -DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

Proposta metodolóxica

Contidos

Actividades

4 -UTILIZACIÓN DOS RECURSOS EXISTENTES

5 -COLABORACIÓN CON INSTITUCIÓNS DO CONTORNO.

6 -AVALIACIÓN

7 -NECESIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

8 -MEDIDAS PARA A DIFUSIÓN DO PROXECTO

9 -CONCLUSIÓNS

1 - CONTEXTUALIZACIÓN E XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

Situación sociolingüística


Se damos un paseo pola vila da Guarda pódenos chamar a atención o feito de que oiremos falar galego con moitísima maior frecuencia que castelán entre as persoas adultas. Porén se nos paramos a observar que lingua fala o alumnado do noso centro comprobaremos que unha moi ampla maioría utiliza o castelán. As persoas que participamos neste proxecto somos conscientes da gravidade da situación actual da nosa lingua, que tende a perder falantes nas xeracións máis novas. Tamén puidemos constatar que os pais e as adolescentes cos que nos relacionamos herdaron prexuízos referentes ao uso do galego e por distintas razóns non senten a necesidade de falalo. Isto preocúpanos especialmente e por esta razón quixemos ter constancia da situación real de perda de falantes na nosa zona e a partir desta constatación buscar solucións para atallar o problema.

Pasamos unha enquisa ao alumnado do Instituto coas seguintes preguntas:

- *Que lingua falan teus pais entre si?*
- *Que lingua falan teus pais contigo?*
- *Que lingua falan os teus avós entre si?*
- *Que lingua falan os teus avós contigo?*
- *Que lingua falas cos teus irmáns?*
- *Que lingua falas cos amigos?*

Obtivemos resultados moi significativos:

- Un 64 % dos pais falan galego entre si, pero só o 22% falan nesta lingua cos seus fillos/as.
- Os avós falan entre si en galego nun 95% pero esta porcentaxe baixa cando se dirixen aos netos a un 63% .
- Cos irmáns descubrimos que os rapaces utilizan o galego nunha porcentaxe moi baixa, só o 19 %.
- Só utiliza galego un 25% do noso alumnado nas relacións cos seus iguais.



Despois desta análise, comprobamos como a situación sociolingüística na zona guardesa está variando considerablemente dende hai uns anos deica este momento. As persoas maiores presentan aínda o galego en todas as súas funcións con moita frecuencia mentres que as persoas en idade adolescente no ambiente familiar utilizan maioritariamente o castelán.

Aínda que de momento non profundizamos nas razóns do abandono do galego por parte dos máis novos parece lóxico concluír que detrás deste comportamento deben existir uns prexuízos moi arraigados principalmente nos pais, que os levan a tomar a decisión en moitas ocasións de cambiar do galego (que falan entre eles) ao castelán (que utilizan cos seus fillos). Tamén vemos que este abandono está moito máis marcado na xeración dos pais e nais que na dos avós.

Por outra parte constatamos tamén unha tendencia á perda das relacións entre avós e netos, que eran fundamentais na sociedade galega deica non hai moitos anos. Isto supón, ademais da evidente perda dunha rica relación humana a perda de todo o coñecemento que se transmitía duns a outros. Observamos que existe moi pouca información directa entre os adolescentes que forman o noso alumnado sobre o que supuxo o franquismo e a guerra, así como os modos de vida, traballos, costumes e tradicións dun pasado aínda recente. O que coñecen sobre esta etapa histórica vénlle dado polos libros maioritariamente e moi pouco pola vía directa das persoas que a viviron.

Polo tanto pareceunos lóxico establecer unha ponte entre os avós, que manteñen arraigada a nosa lingua e cultura así como o coñecemento vivo da memoria histórica e os netos, que tenden a descoñecer e abandonar esta sabedoría. Con isto pretendemos que o noso alumnado sexa consciente da importancia do labor dos nosos maiores que ao longo da historia foron a clave na transmisión de coñecemento a través das xeracións e que permitiron a supervivencia e vitalidade da nosa cultura durante séculos a pesar da súa situación de discriminación.

A xustificación deste proxecto tamén vén dada pola recollida de patrimonio inmaterial oral (contos, lendas, cancións, etc.) e porque o recordo dos avós é a fonte viva da historia máis recente. Tamén porque nos leva a restablecer o contacto dos mozos cos maiores, que sempre foron respectados como transmisores de cultura, coñecementos e tradicións.

Valoramos especialmente o contacto humano entre avós e netos, tan importante na nosa cultura tradicional, relación a todas luces moi enriquecedora pero que se está perdendo porque nos nosos días os avós raramente viven cos seus netos.

Experiencias previas

Desde o curso 2005/2006 algunha das profesoras que agora participamos neste proxecto propuxémoslle ao noso alumnado realizar traballos de recopilación de información sobre diversos temas relacionados co pasado recente. Esta información sería tomada de persoas de máis de 60 anos seguindo unhas pautas de traballo de investigación de campo propostas polas profesoras implicadas. Puidemos observar, que aínda que esta idea non tiña unha forma moi definida e non pasaba de ser un experimento, daba moi bos resultados.

Desde ese momento continuamos avanzando con esta idea, pouco a pouco foron incorporándose novos profesores e profesoras e finalmente, no curso 2007/2008 decidimos organizar un grupo de traballo, constituído por doce persoas para podermos desenvolver o noso proxecto dunha maneira eficaz. Foi así como logramos adquirir unhas habilidades no uso das TIC para orientar ao noso alumnado nese sentido e obtivemos uns resultados que nos axudarán a seguir avanzando no noso traballo.

Con este traballo achegamos as copias en formato dixital dalgún traballo realizado polo noso alumnado neste curso.

Características do IES A Sangriña

O IES A Sangriña e o único no concello para os estudos de bacharelato e ciclos de formación profesional. Recibe a todo alumnado procedente dos tres centros públicos de primaria para cursar a ESO, e

ademais tamén acolle o alumnado do CPI Manuel Suárez Marquier do Rosal e dos dous centros concertados da Guarda (HHCarmelitas e PP Somascos, que só ofertan estudos da ESO) para continuar cos estudos postobrigatorios. No curso 2007/2008 tivo matriculados oitocentos alumnos e alumnas de moi diferentes idades e niveis. Ofrece unha importante variedade de estudos, tanto no réxime de diurno coma no de adultos.

Enuméranse a continuación:

ESTUDOS EN RÉXIME DE DIURNO
EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA
1º DA ESO (4 LIÑAS)
2º DA ESO (4 LIÑAS)
3º DA ESO (4 LIÑAS)
PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR DE 3º ESO
4º DA ESO (4 LIÑAS)
PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR DE 4º ESO
BACHARELATO
1º DE BACHARELATO CIENTÍFICO-TECNOLÓXICO (2 LIÑAS)
1º DE BACHARELATO DE HUMANIDADES (1 LIÑA)
1º DE BACHARELATO DE CIENCIAS SOCIAIS (1 LIÑA)
2º DE BACHARELATO DE HUMANIDADES (1 LIÑA)
2º DE BACHARELATO DE CIENCIAS SOCIAIS (2 LIÑAS)
2º DE BACHARELATO CIENTÍFICO-TECNOLÓXICO (2 LIÑAS)
CICLOS FORMATIVOS
<i>FAMILIA DE MANTEMENTO DE VEHÍCULOS</i>
1º CURSO DO CICLO MEDIO DE CARROZARÍA (1 GRUPO)
1º E 2º CURSO DO CICLO MEDIO DE ELECTROMECAÁNICA DE VEHÍCULOS (2 GRUPOS)
<i>FAMILIA DE ADMINISTRACIÓN</i>
CICLO MEDIO DE XESTIÓN ADMINISTRATIVA (1 ANO + FCT)
1º E 2º DO CICLO SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN E FINANZAS (2 GRUPOS)
<i>FAMILIA DE INFORMÁTICA</i>
1º DO CICLO MEDIO DE EXPLOTACIÓN DE SISTEMAS INFORMÁTICOS (1 GRUPO)
2º DO CICLO SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN DE SISTEMAS INFORMÁTICOS (2 GRUPOS)

ENSINANZAS DE ADULTOS
EPA NIVEL III (3º E 4º ESO)
1º DE BACHARELATO DE CIENCIAS
1º DE BACHARELATO DE CIENCIAS SOCIAIS
2º DE BACHARELATO DE CIENCIAS
2º DE BACHARELATO DE CIENCIAS SOCIAIS

OUTRAS OFERTAS EDUCATIVAS
PROGRAMAS DE GARANTÍA SOCIAL. 2 GRUPOS CON 9 PERFÍS PROFESIONAIS
DOUS NIVEIS DO PROGRAMA CUALE INGLÉS PARA ALUMNADO
UN GRUPO CUALE DE PORTUGUÉS PARA PROFESORADO

O Claustro está formado por un total de 103 profesores e profesoras dos cales aproximadamente a metade teñen destino definitivo no centro. Esta situación permite que haxa un bo número de persoas que se implican na realización de proxectos educativos e pódese dicir que o instituto é un centro innovador e dinámico.

Ao longo deste curso tratouse de aproveitar ao máximo as posibilidades que nos ofrece a aplicación da LOE e neste sentido desenvolvéronse diversos proxectos de dinamización:

- Dinamización das novas tecnoloxías da información e da comunicación.
- Dinamización da biblioteca.
- Dinamización da convivencia escolar.
- Dinamización da normalización lingüística.
- Dinamización da mellora da calidade educativa.
- Dinamización de programas internacionais.
- Proxecto de educación ambiental: Axenda 21 escolar.
- Proxecto de interculturalidade e aproximación a Senegal: Abrindo Fronteiras (premio valora)

Ademais leváronse adiante diversas accións formativas relacionadas cos grupos de dinamización citados. Ao longo do curso organizáronse tres grupos de traballo asesorados polo CFR, que se citan a continuación:

Desenvolvemento da Axenda 21 escolar no IES A Sangriña.

Plan de acollida para inmigrantes.

Recuperar a tradición aplicando as TIC: o tesouro dos nosos avós.

A importancia da dinamización lingüística no IES A Sangriña

O noso instituto conta cun departamento de normalización lingüística que se caracteriza polo seu dinamismo, está presente en diversos proxectos encamiñados a aumentar o uso da nosa lingua e aumentar o seu prestixio. Algúns destes traballos obtiveron especial repercusión por trascenderen de maneira significativa máis alá da comunidade educativa. Un exemplo claro é a participación na organización da Mostra de Teatro Gabriel Feixó de Araúxo e no Certame de Poesía Xela Arias. Tamén forma parte do proxecto Ponte nas Ondas, que inclúe diversos centros educativos de Galiza e Portugal que traballan na recuperación do noso patrimonio oral.

Ademais leva adiante diversas accións dentro do ámbito do instituto para a motivación e a aproximación do alumnado á cultura galega. Hai que salientar neste sentido o intercambio realizado en coordinación co departamento de música cun instituto de Cataluña para aproximar comunidades con linguas e culturas de seu e promover actitudes positivas cara ao galego e o catalán. Especial repercusión ten o traballo arredor do teatro en lingua galega, que leva varios anos con exitosas representacións do grupo O Falabarato formado por alumnos e alumnas de diferentes niveis e idades. Por outra parte, realiza actividades de recuperación de tradicións e festas populares (Magosto, Samaín, Reis, Entroido, Maíos) e tamén de difusión da nosa cultura, especialmente arredor do día das Letras Galegas.

Tamén desde a dirección do centro se fai especial fincapé no traballo de normalización e apoio ao galego. En colaboración co departamento de normalización lingüística elaborouse o Proxecto Lingüístico do Centro e velouse polo cumprimento da normativa vixente referida ao uso da lingua galega no ensino.

Asimesmo, a dirección tivo un papel activo no deseño e organización de actividades e proxectos de promoción da nosa cultura. Promoveu a Mostra de Teatro Gabriel Feixó de Araúxo e o Certame de Poesía Xela Arias e apoiou e participou na organización das actividades do departamento de normalización lingüística.

Este ano o departamento de normalización lingüística estivo formado polas seguintes profesoras:

M^a Cruz Rivas Carrera (xefa de departamento).

Teresa Callís Sol.

Susana Muíños Paz.

María Luísa Guerra Cañizo.

Todas estas persoas participan no proxecto de innovación en normalización lingüística *O Tesouro dos Nossos Avós*.

Profesorado implicado no proxecto

Neste proxecto participamos profesores e profesoras dos seguintes departamentos e grupos de dinamización:

DEPARTAMENTO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

DEPARTAMENTO DE ADMINISTRATIVO.

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA.

DEPARTAMENTO DE PLÁSTICA.

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA.

DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA.
DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA.
DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA.
DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA.
DINAMIZACIÓN DA CALIDADE EDUCATIVA.

A proposta, ademais de implicar a un número significativo de profesorado e de Departamentos Didácticos, chega a unha boa parte do alumnado do IES A Sangriña, pois o profesorado do grupo traballa en case todos os niveis:

- Victoriano Granja, Teresa Callís, Ana Ledo, Pilar Alvariño e Susana Muíños no Primeiro Ciclo de ESO.
- María Luísa Guerra no Segundo Ciclo de ESO
- Vítor Suárez e Pilar Carro nos Programas de Garantía Social e no Bacharelato de adultos.
- Teresa Rouco nos Ciclos Medios.
- Susana Salvador, Silverio Sotelo e Cruz Rivas en Bacharelato.

2 -OBXECTIVOS

Os obxectivos que pretendemos conseguir con esta proposta de traballo son os que se enumeran a continuación:

- Levar a cabo unha actividade didáctica que promova a motivación do alumnado a través da súa implicación directa na súa propia aprendizaxe.
- Proporcionar unha ferramenta práctica para que o noso alumnado teña un coñecemento da realidade histórica a través dun modelo de aprendizaxe vivencial.
- Promover as relacións interxeracionais, así como actividades de coñecemento e aprendizaxe conxuntas entre a mocidade e a xente maior.

- Aproximar e transmitirle á xente nova as realidades do noso país (natureza, historia oral, refráns, tradicións, etc.) e especialmente do lugar en que viven, que forman parte da nosa identidade como pobo. Pretendemos dignificar aos ollos dos rapaces e rapazas a cultura da súa contorna, para que se aproximen a ela desde unha valoración positiva.
- Crear actividades e produtos, combinando as formas de transmisión de coñecemento tradicionais coa aplicación de novas tecnoloxías, de tal forma que supoñan unha estratexia de difusión, sensibilización sobre a recuperación da memoria histórica, e adquisición de habilidades por parte da xente que participe.
- Obter materiais de gran valor didáctico con moitas posibilidades de uso posterior nas aulas para as diferentes materias.
- Promover a implicación directa doutras entidades no proxecto, en especial a residencia de maiores Monte Tegra de Camposancos.
- Promover a colaboración entre distintos departamentos didácticos nun proxecto interdisciplinar conxunto.
- Conseguir incidencia e impacto social, implicando diferentes persoas e institucións e ofrecéndolle protagonismo e valoración positiva aos involucrados.
- Lograr unha valoración positiva do galego e o respecto e o prestixio para as persoas que o utilizan e promocionan.
- Posibilitar un proceso de educación e aprendizaxe participativo, vivencial e interxeracional da realidade a través da lingua galega.

3 -DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

Proposta metodolóxica

Un dos nosos principais obxectivos ao darlle forma a este proxecto é **motivar ao alumnado, implicaloo no seu propio proceso de aprendizaxe.**

Pola nosa experiencia previa sabemos que funcionan moi ben aquelas tarefas didácticas que teñen as seguintes características:

- O alumnado ten un papel protagonista e activo na recollida de información e deixa de ser un mero receptor de contidos.
- Hai un factor afectivo que xorde ao establecer unha relación de colaboración entre varias persoas que participan nun mesmo proxecto.
- É moi importante a aplicación de novas tecnoloxías, que resultan moi motivadoras para o alumnado.
- Para a realización dos traballos aplícanse técnicas de investigación como a entrevista, dirixidas e revisadas polo profesorado. Os materiais obtidos preséntanse en formato dixitalizado aplicando as TIC.

O noso proxecto vai ter esas características.

Contidos

Os temas propostos para a investigación ao alumnado son:

A economía familiar durante o franquismo.

A represión na ditadura.

A vida cotiá no tempo dos avós.

A situación das mulleres e dos nenos.

A emigración no século XX.

Os vellos oficios.

Lendas e historias de transmisión oral.

O refraneiro.

As cancións e a música popular.

Os xogos populares.

Estes contidos inclúense e trabállanse no currículo das diferentes disciplinas dos departamentos didácticos implicados.

Actividades

O profesorado orientará ao alumnado nas técnicas e no deseño de traballos de investigación. Estes realizaranse en pequenos grupos (3 ou 4 alumnos). Cada un dos distintos departamentos selecciona os contidos relacionados co currículo da súa materia. Para a realización dos traballos utilizarán técnicas de investigación como a entrevista e a gravación audiovisual. Os materiais obtidos transformaranse e presentaranse finalmente aplicando as TIC (en forma de documental audiovisual, como blog, web, etc.)

Coma en cursos anteriores continuaremos colaborando coa residencia de maiores “Monte Tegra” de Camposancos. Os rapaces, despois de asistir a unha charla, que imparten os psicólogos da residencia para darlles as pautas polas que deben establecer a relación cos “avós” entrarán en contacto directo cos informantes, que lles proporcionarán material para o seu traballo. Tamén poderán contactar cos seus antergos para a realización do traballo de investigación.

Tamén contamos coa colaboración da ANPA que nos facilita o contacto cos avós e familiares maiores do noso alumnado.

Ao finalizar os traballos ofrecemos unha festa de convivencia con interpretacións musicais, xogos populares e narración de historias. Nela participan todas as persoas participantes no proxecto.

4 - UTILIZACIÓN DOS RECURSOS EXISTENTES

Recursos humanos:

- Os profesores e profesoras que se encargarán de dirixir os traballos de investigación e de difundir os materiais elaborados.

Profesor/a	Departamento didáctico
CARRO LOUREIRO, PILAR	Departamento de administrativo, dinamización da biblioteca.
ROUCO DOMÍNGUEZ, TERESA	Departamento de administrativo.
CALLÍS SOL, TERESA	Departamento de xeografía e historia, departamento de normalización lingüística.
MUÍÑOS PAZ, SUSANA	Departamento de educación plástica, departamento de normalización lingüística.
SALVADOR DÍAZ, SUSANA	Departamento de educación física.
RIVAS CARRERA, CRUZ	Departamento de lingua galega e literatura, departamento de normalización lingüística.
LEDO VILLAVERDE, ANA	Departamento de lingua galega e literatura, dinamización da biblioteca.
GRANJA DÍEZ, VICTORIANO	Departamento de lingua galega e literatura.
GUERRA CAÑIZO, MARÍA LUÍSA	Departamento de lingua galega e literatura, departamento de normalización lingüística.
SUÁREZ DÍAZ, VÍTOR	Departamento de lingua galega e literatura
SOTELO SOTELO, SILVERIO	Departamento de economía
ALVARIÑO ALVARIÑO, M ^a PILAR	Departamento de lingua castelá e literatura, dinamización da biblioteca

- O proxecto diríxese e aféctalle de maneira directa á práctica totalidade do alumnado do centro.
- Os informantes como transmisores da nosa tradición.
- Os profesionais da Residencia da Terceira Idade Monte Tegra, que participan activamente no proxecto.
- A ANPA do instituto.

Recursos materiais necesarios:

- Os computadores do Instituto.
- Cámara gravadora de vídeo e material para gravación.
- Cámara fotográfica.
- Web cam
- Memorias usb.
- Impresoras, papel, fotocopias, DVD, e outros materiais para gravación e almacenamento de información.
- Espazos do instituto e da Residencia Monte Tegra para as reunións dos grupos de traballo e a elaboración dos materiais.

Recursos na rede:

- Web do Instituto.
- O noso blog: **<http://tesourosdosavos.blogspot.com>**
- Elaboración de documentos e difusión a través de internet.
- Publicación de traballos en páxinas de contidos educativos e culturais.

5 - COLABORACIÓN CON INSTITUCIÓN DO CONTORNO

Desde que comezamos a dar os primeiros pasos neste proxecto no ano 2005 e para facilitarlles aos nosos alumnos e alumnas a investigación e tendo en conta que moitos non tiñan moita relación cos seus avós puxémonos en **contacto coa residencia da terceira idade Monte Tegra de Camposancos**. Pedímoslles colaboración para que o noso alumnado puidese entrevistar ás persoas que viven alí. Aceptaron encantados a proposta. Unha boa parte do noso alumnado foi á residencia e elaborou o seu traballo contando coa axuda dos residentes. Outros pedíronlle a información aos seus avós ou veciños.

Desde o punto de vista das persoas maiores que colaboran tamén hai aspectos que destacar, que nos transmite na súa valoración Sonia Pérez, psicóloga da Residencia Monte Tegra:

“Dende a dimensión social estase a promover a participación social dos maiores institucionalizados, relegados na maioría das ocasións, ben polas limitacións físicas e mentais que padecen, ben polo abandono familiar, a realizar unha vida de illamento onde o único contacto social coa realidade realizase a través dos periódicos e a TV. Este tipo de experiencias fan posible que os nosos maiores participen na sociedade en primeira persoa como deudores sociais dun coñecemento oral esquecido.

Dende o punto de vista psicolóxico unha experiencia interxeneracional, como é o caso do “Tesouro dos nosos avós”, no que se traballa sobre contidos da memoria histórica pódense abordar dende nunha dobre vertente. Por unha banda é un traballo de adestramento de capacidades cognitivas, neste caso das capacidades comunicativas e mnésicas. A través das conversas cos rapaces os nosos residentes exercitan a memoria dun xeito diferente a como o fan nos talleres de memoria que semanalmente se poñen en marcha dentro do noso programa de actividades. Pero non hai que esquecer que se está a traballar sobre os recordos e a experiencia vital dos individuos, e o recordar toma singularidade ó envellecer non só pola posibilidade de adestrar a memoria, senón polas connotacións emocionais que adquire.

O traballo sobre as vivencias persoais dun individuo axuda a facer á persoa un traballo de reminiscencia. Hoxe sábese que a reminiscencia é unha función psíquica saudable que en ocasións logra integrar o pasado co presente. Pero a experiencia vital dos individuos é única e nalgúns casos é difícil de asimilar, deste xeito encontramos a explicación de moitas das reticencias coas que se encontraron os rapaces ó intentar afondar nos relatos dos nosos maiores.

Aínda así poderíase considerar que os encontros cos rapaces fan de fío conductor para que moitos dos nosos maiores fagan unha viaxe analítica polos seus recordos, acadando una reminiscencia positiva da súa historia de vida. Participar nas xornadas interxeneracionais fixo que moitos dos residentes se sentiran escoitados por primeira vez, e que tamén por primeira vez lle atoparan un sentido positivo a moitos deses recordos tristes e negativos que marcaron as súas vidas.

Como conclusión podemos dicir que a aposta polo traballo interxeracional entre mozos e maiores danos ós profesionais tanto da Xeriatría coma da Educación un instrumento moi valioso para a socialización, e como xa comentamos, fai posible o achegamento de dúas formas diferentes de entender a realidade social.”

6 - AVALIACIÓN

Para avaliar os resultados do *Tesouro dos Nosos Avós* centrámonos sobre todo no grao de consecución dos obxectivos propostos.

Valoramos a información obtida do alumnado participante na experiencia. Ata o momento, nos traballos que xa se fixeron, foi en todos os casos positiva e moi satisfactoria.

Constatación do incremento na adquisición de recursos tanto por parte do profesorado coma do alumnado participante, especialmente o logro de habilidades no uso das TIC e das súas posibilidades e tamén coñecementos sobre os temas investigados.

Para avaliar a consecución dos obxectivos propostos xa contamos coa información recollida nas nosas enquisas sobre a situación de perda do galego nas xeracións máis novas. Tamén recopilaremos información entre o

estudiantado para coñecer a súa opinión sobre aqueles aspectos nos que pretendemos avanzar con este traballo (principalmente valoración do coñecemento e experiencia dos maiores) para poder comparar as ideas e prexuízos existentes antes do contacto e se hai cambios despois da relación que se estableza. Esta análise previa servirá tamén para buscar información sobre determinados aspectos que son pouco coñecidos entre a comunidade educativa e que están presentes na cultura dos nosos maiores.

7 - NECESIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

Como xa comentamos, ademais de darlle forma a unha maneira de aprendizaxe motivadora e de lograr que o alumnado adquira unha serie de coñecementos, buscamos a aplicación das TIC en todo o proceso de deseño e desenvolvemento deste traballo. Por esta razón o profesorado participante desexa adquirir coñecementos e recursos no manexo e aplicación de novas tecnoloxías e posto que sabemos que este é un factor motivador para o alumnado dámoslle un posto de protagonismo no noso proxecto. Gustaríanos aprender a tirarlle o máximo partido ao noso blog e investigar sobre outras posibilidades como realización de vídeos e programas adecuados para a presentación de diferentes traballos de investigación. Desta maneira adquirimos recursos propios e podemos tamén orientar ao alumnado neste sentido.

8 - MEDIDAS PARA A DIFUSIÓN DO PROXECTO

Dado o interese dos materiais que recolleremos no proceso de investigación, encargáronos da difusión destes materiais con medidas como as que se expoñen a continuación:

- Exposicións de fotografías, documentais e materiais elaborados polos grupos de traballo.

- Publicación de experiencias e traballos no blog do noso proxecto: <http://tesourosdosavos.blogspot.com>
- Charlas dos investigadores para explicar as súas experiencias.
- Actividades en que os propios maiores contan para un amplo auditorio as súas experiencias ou historias.
- Exhibición de xogos populares
- Saídas didácticas para visitar lugares de especial interese por relacionalos con algunha lenda, conto popular, acontecemento histórico, etc.
- Difusión a través de internet:
 - A nosa intención é incluír o material recopilado na web do instituto e tamén promover a creación de blogs do alumnado interesado na difusión da súa experiencia.
- Elaboración de documentais para a recuperación da memoria histórica recollendo o testemuño de persoas que viviron a experiencia da ditadura e a represión franquista.
- Publicación dun libro (*O Tesouro dos Nossos Avós*) que recolla os traballos máis interesantes.
- Publicación de artigos sobre a experiencia en revistas especializadas.

9 -CONCLUSIÓNS

A colaboración entre persoas pertencentes a diferentes xeracións dá resultados moi satisfactorios. Establécese unha relación de empatía e unha corrente afectiva en moitos casos entre avós e netos. Tamén se rompen moitos prexuízos e ideas limitantes preconcebidas sobre as persoas de xeracións diferentes.

Desde a experiencia que xa temos podemos afirmar que con este traballo, os adolescentes descubren que o que lles poden transmitir os maiores é moi interesante e os avós aprezan a actitude respectuosa e interesada polos seus coñecementos que mostran os alumnos e alumnas. Por outra parte, o alumnado recolle materiais moi valiosos desde o punto de vista do noso patrimonio cultural (contos, cancións, lendas, tradicións...) e tamén da recuperación da memoria histórica: as terribles experiencias dos tempos da guerra e da ditadura; aventuras de emigrantes; vellos oficios que xa se perderon...

Por suposto non esquecemos que o obxectivo inicial é a normalización lingüística. Que se pode dicir que non sexa evidente? O feito de obter informacións valiosas, establecer relacións valiosas, realizar traballos valiosos, todo iso en lingua galega, ten por forza que levar a concluír que a nosa cultura é “valiosa”. Non é unha hipótese, sabemos que os prexuízos caen e que as actitudes cambian.

A Guarda, 25 de xuño de 2008

Vº e prace
A DIRECTORA

A COORDINADORA

Asdo: Pilar Carro Loureiro

Mª Luísa Guerra Cañizo